

Unidade 8. Un horrible bo olor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

No medio dunha fraga mesta, nunha cova húmida e escura vivía un monstro peludo. Era feo como un croio! Tiña unha cabeza grandísima e, non obstante, os seus pés eran tan pequenos que apenas se podía mover. Por iso non podía saír da súa cova. A súa boca era enorme; tiña dous olliños de pisco e dous brazos longos e delgados que lle saían mesmo das orellas, e que lle servían para pillar ratos e outros bichos que se poñían ao seu alcance. O monstro tiña pelos por todo o corpo: no nariz, nos pés, nas costas, nos dentes, nos ollos, nas fazulas... Pois iso, por todas partes. O monstro soñaba día e noite con comer seres humanos. Todos os días saía á porta da súa cova e entre gargalladas sinistras que poñían medo, dicía:

—Ao primeiro que pase, pápoo.

Pero a xente non acostumaba pasar por alí pois a cova estaba no lugar máis frío e agochado da escura e tebroosa fraga.

Henriette BICHONNIER

1. Como era a cova?

2. Quen vivía na cova?

3. Por que a xente non acostumaba pasar por alí? _____

Unidade 8. Un horrible bo olor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

4. Une as palabras.

as	traballo	fermosas
un	muller	avariados
os	flores	difícil
unha	reloxos	traballadora

5. Escribe unha oración con cada frase da actividade anterior.

- _____
- _____
- _____
- _____

6. Marca a palabra axeitada para que a oración teña sentido.

- Uns / unhas nenas saltan á corda / cordas no parque.
- Estes gatos / gatas viven na casa do meu / meus veciño.



7. Escribe unha oración que inclúa as seguintes palabras.

uns partido revista

Unidade 8. Un horrible bo olor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

8. Escribe os nomes.



9. Completa coas palabras anteriores.

- Fixen un bocadillo de xamón e _____.
- Collín cunchas na praia para facer un _____.
- Puxemos os _____ na baca do coche.
- Antón mercou unha _____ nova onte.

10. Completa con c ou qu e escribe unha oración con cada parella de palabras.

es__udo

mo__eta

pa__ete

__óbado

__ilo

__oello

Unidade 8. Un horrible bo olor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

11. Relaciona e escribe.

cravo	vidro	_____
valado	metal	_____
zapato	madeira	_____
botella	pel	_____

12. De que están feitos estes obxectos?

neveira

bicicleta

13. Escribe tres obxectos que estean feitos de...

• ...la: _____

• ...arxila: _____

• ...metal: _____

Unidade 8. Un horrible bo olor

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

14. Fíxate nos debuxos e escribe unha historia.



• Un día _____



• Despois _____



• A continuación _____



• Finalmente _____